PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES

COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Curso escolar 2026-2027

(aprobado polo Consello Escolar no día 13 de outubro de 2026)

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 3

1.1 XESTIÓN DESTAS ACTIVIDADES 3

2. PROPÓSITOS XERAIS E OBXECTIVOS 4

3. PLAN DE ACCIÓN 4

4. RELACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EXTRAESCOLARES E ARTÍSTICAS 6

4.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS 6
4.2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 7

5. A ACTIVIDADE E ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA 8

6. ACTIVIDADES PROPOSTAS POR DEPARTAMENTOS NON DIDÁCTICOS E SERVIZOS 9

7. NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES 10

ANEXO I : FICHAS DAS ACTIVIDADES 11

1.INTRODUCIÓN

O **Decreto 324/1996**, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, establece no seu artigo 2 que os centros de características especiais se rexerán polo devandito regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas. No caso do noso centro, a norma que desenvolve o marco establecido polo antedito Decreto é a **Circular 18/2006**, pola que se ditan instrucións para a organización e funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Nesa Circular indícase que a programación xeral anual do centro se estruturará en catro capítulos. No capítulo terceiro deberá integrarse o presente **Programa anual de actividades complementarias e extraescolares**, que debe incluír:

a) As **actividades complementarias**, que se han desenvolver en horario lectivo e deben formar parte das programacións docentes. Entre elas, a Circular 18/2006 inclúe as "*visitas escolares, congresos, funcións escénicas, conmemoracións, conferencias e outras semellantes*".
b) As **actividades extraescolares** de carácter cultural que se realicen en colaboración cos diversos sectores da comunidade educativa ou en aplicación de acordos con outras entidades. Estas realizaranse fóra do horario lectivo e non formarán parte das programacións.
c) As **actividades artísticas** que se vaian celebrar dentro ou fóra do recinto escolar.
d) A organización, o funcionamento e o horario da **biblioteca**, da fonoteca e da videoteca da escola.

Como recolle a Circular 18/2006 no seu artigo 11, "*a **participación do alumnado** nas actividades complementarias e extraescolares é **voluntaria, agás as actividades complementarias realizadas no centro***".

1.1 Xestión destas actividades

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades, departamento cuxa xefatura ostenta a Vicedirección nos centros nos que existe ese cargo, como é o caso da ESADg. Para a xestión desas actividades, o Decreto 324/1996, no seu artigo 66, márcalle á Vicedirección, entre outras funcións:

- **Elaborar o programa anual** destas actividades, para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e as orientacións do claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- **Programar** cada unha das actividades **especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado**.

Así pois, no presente programa detallaranse xa esas pautas xerais que rexerán a programación de cada actividade.

2. PROPÓSITOS XERAIS E OBXECTIVOS

A maiores de cumprir coa normativa de referencia, as actividades complementarias e extraescolares deste curso porán o foco nos mesmos dous propósitos que se estableceron o curso pasado:

a) Impulsar a mellora da **convivencia**, da **aprendizaxe colaborativa** e da **calidade artística e pedagóxica** na ESADg.
b) Proxectar **o valor artístico e académico da escola e dos seus estudos**.

Para cumprir co primeiro destes propósitos, estableceranse os obxectivos de:

1. Apoiar e **optimizar as actividades de colaboración interdisciplinar e a convivencia**na escola.
2. Coidar **o valor pedagóxico das presentacións e mostras de procesos** realizadas.
3. **Impulsar a actividade da biblioteca**, co fin de a converter nun espazo de uso máis frecuente e óptimo.
4. Mellorar a **socialización e posta en valor das actividades desenvolvidas** na ESADg.

En relación ao segundo propósito, é intención da ESADg:

5. Manter e **ampliar acordos e proxectos con entidades relevantes** a nivel social, pedagóxico, artístico, investigador ou polo seu fomento da empregabilidade.
6. **Transformar o espazo da escola** de xeito que se volva máis agradable, cómodo, seguro e estimulante para a creación artística.
7. Promover a **difusión das iniciativas pedagóxicas e dos traballos artísticos de calidade** que se xeren nas aulas.

3. PLAN DE ACCIÓN

Para cada un dos obxectivos indicados, estableceranse unhas accións que axudarán a acadalos. Serán as seguintes:

Obxectivo 1 : Optimizar as actividades de colaboración interdisciplinar

- **Acción 1**: Manter a coordinación e seguimento dos Obradoiros Integrados de 4º curso [desde de setembro 2026 a marzo de 2027] e realizar, ao final do proceso, un informe no que se contemplen pautas de acción para cursos posteriores, en base á avaliación [abril de 2027] de todas as participantes no proceso.
- **Acción 2**: Establecer e implantar un plan de coordinación e posterior seguimento dos obradoiros de 3º curso, realizando en xuño de 2027 unha avaliación dos resultados obtidos.
- **Acción 3**: Establecer, en xuño de 2027, un diálogo entre a comunidade escolar que vaia tecendo ideas para a elaboración dun Plan Estratéxico de Coordinación Interdisciplinar, que debería aprobar o Consello Escolar no cursos seguinte.

Obxectivo 2 : Coidar o valor pedagóxico das presentacións e mostras de procesos

- **Acción 4**: Realizar un rexistro sistemático das mostras da ESADg, facilitando a súa posterior difusión.
- **Acción 5**: Organizar debates, charlas e coloquios logo das mostras [decembro de 2026 e maio de 2027], coordinados por persoas alleas ao grupo que realice esas representacións.

Obxectivo 3 : Impulsar a actividade da biblioteca

- **Acción 6**: Converter o espazo da biblioteca no centro de referencia das actividades interdisciplinares.
- **Acción 7**: Estender o horario, actividades, funcionalidade e usos da biblioteca.
- **Acción 8**: Trasladar as actividades do servizo de Biblioteca a outros espazos da escola.

Obxectivo 4 : Socialización das actividades

- **Acción 9**: Impulsar mostras didácticas e aulas abertas dirixidas tanto á comunidade escolar como a visitantes externas e relacións coa veciñanza.
- **Acción 10**: Crear espazos permanentes onde se poidan exhibir traballos artísticos e pedagóxicos da escola.

Obxectivo 5 : Ampliar acordos e proxectos con entidades relevantes

- **Acción 11**: Ampliar o número de iniciativas que fomenten a capacitación laboral do alumnado.
- **Acción 12**: Establecer plans conxuntos con máis entidades de referencia da cultura e da escena galegas.

Obxectivo 6 : Transformar o espazo da escola

- **Acción 13**: Personalizar os espazos do centro, de xeito que aumente a súa polivalencia e habitabilidade reforzando o convivio.
- **Acción 14**: Facilitar o uso de novos espazos no interior e no exterior do centro para actividades complementarias, extraescolares e artísticas.

Obxectivo 7 : Difusión dos traballos da ESADg

- **Acción 15**: Mellorar a presenza nas redes e en diarios dos traballos escénicos e pedagóxicos da ESADg.
- **Acción 16**: Difundir os traballos artísticos xurdidos na escola, en especial os de 4º curso.

Este plan de acción buscará a súa expresión nas actividades que a continuación se recollen, orientando a xestión, o desenvolvemento e o aproveitamento pedagóxico que delas se vaia realizar.

4. RELACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EXTRAESCOLARES E ARTÍSTICAS

Recóllense neste Programa as denominacións xenéricas das actividades que se van realizar no centro ao longo do curso. Enténdese, pois, que coa aprobación destas denominacións xenéricas quedan aprobadas as accións específicas que comportan, se o Consello Escolar non emite resolución contrario. É dicir, baixo a denominación de "Mostras de outono", por exemplo, apróbanse todas as accións de exhibición, exposición ou instalación que nese programa se contemplen. Así tamén, do mesmo xeito, ao se aprobar "Actividades na ESADg con alumnado de secundaria", "Encontros e actividades con profesorado Erasmus+"ou calquera outra actividade, enténdese que se aproban todas as accións específicas que eses programas comporten, aínda que a inicio de curso non se poida determinar aínda cantas haberá nin en que datas se proporán.

4.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

AC1 - Mostras, aulas abertas e instalacións	
Traballos finais de estudos	Decembro Xuño-Xullo
Obradoiros Integrados de 4º curso	Marzo
Mostras de outono	Decembro
Mostras de primavera	Maio
Outras mostras, instalacións e exposicións	Ao longo do curso

AC2 - Celebracións e conmemoracións	
Lección inaugural do curso	7 outubro
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 novembro
Día dos Dereitos Humanos	10 decembro
Día do Libro	23 abril
Día Mundial da Commedia dell'arte	Martes 25 febr.
Día Internacional da Muller	Venres 7 marzo
Día Mundial do Teatro e da Danza	Marzo-abril
Semana-mes das Letras Galegas	12 a 16 maio

AC3 –Encontros e saídas didácticas	
Visitas a espazos escénicos, audiovisuais ou expositivos vinculados con contidos das programacións didácticas (teatros á italiana, platós, museos de indumentaria...)	Ao longo do curso
Actividades didácticas de disciplinas da ESADg realizadas en espazos externos	Ao longo do curso
Encontros con profesionais especialistas en artes do espectáculo	Ao longo do curso
Repertorio vivo - Asistencia a espectáculos en Vigo (Ártika, Teatro Permanente, Ensalle, Auditorio do Concello…)	Ao longo do curso

AC4 - Exposicións

Exposicións fóra da ESADg	Sen determinar
Exposicións dentro da ESADg	Sen determinar
Presentacións de materiais bibliográficos e audiovisuais de proxectos vinculados coas artes escénicas ou audiovisuais	Sen determinar

AC5 – Charlas, encontros, conferencias e presentacións	
Xornada de acollemento	14 de setembro
Presentación da memoria de actividades do curso 2026-2027	Set 2025
Charlas de especialistas en contidos impartidos no centro	Ao longo do curso
Encontros con profesionais das artes escénicas	Ao longo do curso
Presentacións de libros, produtos artísticos e iniciativas culturais e artísticas	Ao longo do curso

AC6 – Difusión e promoción dos estudos escénicos na sede da ESADg	
Actividades na ESADg con alumnado de secundaria	Ao longo do curso
Encontros e actividades con profesorado Erasmus+	Ao longo do curso

AC7 – Inserción laboral e fomento da empregabilidade	
ProgramaCDGlab	Ao longo do curso

4.2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

AE1 – Actividades de formación e investigación	
Cursos de profesionais externos promovidos pola ESADg	Ao longo do curso
Cursos promovidos pola AESAD e o Colectivo Cuir	Sen determinar
PFPP	Ao longo do curso

AE2 – Actividades externas de promoción	
Participación en feiras, encontros e foros de promoción das ensinanzas artísticas (Innovart e Edugal...)	Sen determinar
Participación en encontros e foros con outras entidades educativas e escénicas	Sen determinar
Charlas, mostras e cursos de promoción das ensinanzas impartidas pola ESADg	Ao longo do curso

AE3 – Actividades artísticas propias ou nas que colabora a ESADg	
Grupo de Simulación avanzada do equipo de xinecoloxía e obstetricia do Hospital Álvaro Cunqueiro	Todo o curso
Colaboración co festival das Linguas e das Culturas da Uvigo	26 de setembro
Coro da ESADg	Ao longo do curso
Cine Club	Ao longo do

	curso
Residencias Faíscas - OUFF	xuño
Dramaturxias itinerantes	19 e 20Nov
Colaboracións con Centros Superiores de Ensinanzas Artísticas e outros centros educativos de ensino regrado (Residencias de Mariñán, creación de pezas escénicas, etc.)	Ao longo do curso
Participación en eventos artísticos externos (Festivais, Xornadas, Foros...)	Ao longo do curso
Participación en encontros e proxectos con entidades nacionais e internacionais asociadas á ESADg (ESADs en Red...) Asambleas Ordinaria y Extraordinaria de ACESEA 26 e 27 novembro **ESADs en RED, 13 e 14 de novembro na ESAD de Sevilla**	Ao longo do curso

AE4– Acollida de espectáculos e eventos externos	
Espectáculos de entidades asociadas á ESADg	Ao longo do curso
Cesión de espazos da ESADg para eventos externos	Sen determinar

AE5 – Outras actividades extraescolares	
Propostas externas que fomenten a empregabilidade do alumnado (castings, cursos, ofertas laborais vinculadas co traballo escénico e audiovisual...)	Sen determinar
Gala de Graduación da promoción 2023-2027	Xullo

5. A ACTIVIDADE E ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O Servizo de Biblioteca pretende chegar ao maior número posible de alumnado, especialmente coa continuación do "Club de lectura Escena-ESADG. Como en cursos anteriores, tentarase dinamizar a biblioteca cun equipo de docentes axeitado ás actividades que se van programar, incluído o deseño de carteis e outros materiais de difusión. A intención do Servizo consiste na creación dun espazo de convivencia, creación e coñecemento que chegue a toda a comunidade educativa. A partir de diversas propostas relacionadas co teatro e as artes vinculadas ao mesmo, diversos profesionais galegos acudirán á ESADg para achegar o seu saber ao espazo da biblioteca e favorecer a realización de actividades innovadoras que dinamicen o servizo.

Para estas actividades é necesaria a coordinación no Servizo de determinados docentes que acheguen as súas ideas e desenvolvan tarefas concretas.

Ademais, cómpre renovar, actualizar, revisar os fondos e realizar subscricións a revistas de referencia nas Artes Escénicas coas que non conta o centro neste momento.

O servizo conta cunha bibliotecaria que xestiona o préstamo, a catalogación e tamén as doazóns procedentes de diferentes ámbitos.

Tarefas do Servizo de Biblioteca	Horario
Servizo de préstamo	Luns, mércores e xoves, de 15:00 a 19:00
Sala de lectura	Días lectivos, en horario matinal
Difusión e deseño das actividades	-
Creación, coordinación e realización das actividades	-

As actividades programadas polo Servizo de Biblioteca serán as detalladas no seguinte cadro:

BIB - Actividades do servizo de Biblioteca	
Club de lectura Escena-ESADg	Entre outubro e abril
Encontro con escritores e escritoras	Todo o curso

6. ACTIVIDADES PROPOSTAS POR DEPARTAMENTOS NON DIDÁCTICOS E SERVIZOS

DIN - Actividades do Servizo de Dinamización Lingüística	
Podcast Ásperos Espartos	Febreiro a Xuño
Cineclub Esad	Todo o ano
Obradoiro de narración oral	Todo o ano
Letras Galegas 2026	Maio
Nós escénicos	Xaneiro-xuño
Premio de teatro breve "Manuel Lourenzo"	Febreiro-Marzo
Proxecto Frederico	Todo o ano
Quincena Mundial do Teatro 2026	Marzo
Samaín	Outubro
Pano!	Todo o ano
Alicerces	Todo o ano
Parola Papuxa	Todo o ano

MOB - Actividades do Departamento de Mobilidade e Transición	
Dramaturxias Itinerantes	Novembro
Xornadas Erasmeiras	29 Outubro

PRO - Actividades do Departamento de Creación e Produción	
Visitas de centros educativos	Todo o ano

IGU - Actividades do Servizo de Iguadade	
Actividades 25N e 8M	Novembro e Marzo
Clube de Lectura feminista	Todo o ano

7. NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Para a súa planificación e execución, as actividades aquí recollidas terán en conta as seguintes indicacións:

1. As actividades complementarias e extraescolares son froito do esforzo colectivo de toda a comunidade escolar. Por iso, é moi importante que todas as propostas se difundan axeitadamente e que, a maiores, se promova a avaliación das mesmas, o cal permitirá un maior proveito pedagóxico tanto para as persoas directamente implicadas como para outras que non o están.

2. As seleccións de alumnado participante en todas as actividades do centro, así como os criterios determinados para tales escollas, deberán ser coñecidas e xustificadas pedagoxicamente, de xeito que o Consello Escolar poida aprobar esas actividades e avaliar o seu desenvolvemento.

3. Toda actividade que implique a **saída de alumnado ou profesorado** do centro debe ser **comunicada ao equipo directivo cunha antelación mínima de 10 días,** cubrindo a ficha de saídas que o centro dispón para estes casos. Se a saída non recibe autorización, non se poderá realizar.

4. Logo de se ter aprobado este Programa no Consello Escolar, se xorde a posibilidade de realizar calquera outra actividade non contemplada aquí, terá que ser convocado o Consello Escolar para que a valore e, de ser o caso, a valide. Sen esa autorización previa non poderá realizarse.

5. En todas as actividades nas que participe a ESADg respectaranse as normas establecidas no Plan de Convivencia do centro.

ANEXO I : FICHAS DAS ACTIVIDADES

Boa parte das actividades realizadas na ESADg dependen da evolución propia dos procesos de ensino-aprendizaxe, así como das múltiples propostas que durante os próximos meses irán facendo diferentes entidades e organizacións coas que a ESADg colabora. Por isto, neste punto non detallaremos as fichas de todas as actividades propostas, senón só as que, no momento da aprobación deste Programa polo Consello Escolar, están xa máis definidas. Nos próximos meses acabarán concretándose todas elas de igual modo, detallándose as docentes responsables de cada actividade, os obxectivos e descrición da mesma,alumnado implicado e o modo de selección (se for o caso), período e lugar de realización, repercusións económicas e necesidades específicas.

IMPORTANTE: Segundo se manifestou na reunión anual do Consello Escolar realizada para a aprobación do Plan de actividades (13 de outubro de 2026), as repercusións económicas que se recollen nas seguintes fichas só poden ser consideradas como peticións do profesorado que as propón. O Consello Escolar entende que en ningún caso esas contías son de natureza vinculante, xa que a adxudicación de recursos económicos dependerá, por un lado, dos orzamentos xa aprobados para o presente ano e, por outro, dos recursos do centro.

AC1 - Mostras, aulas abertas e instalacións

Traballos finais de estudos	
Docente/s responsable/s	Equipo docente da ESADg
Obxectivo	Desenvolver o proceso completo dos TFE.
Descrición	Número variable de traballos de índole maioritariamente escénica, acompañados pola respectiva memoria e acto de defensa diante dun tribunal.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de todas as especialidades de 4º curso.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Preparación durante todo o curso escolar. Ensaios, prioritariamente entre abril e xuño. Exhibición e defensas, nos meses de decembro, xuño e xullo.
Repercusións económicas	As que o centro determine na partida dos orzamentos anuais dedicada a esta disciplina.
Necesidades que se prevén	A maior necesidade que os TFEs requiren é de índole espacial. O gran número de traballos presentados (xeralmente, entre 15 e 25), tensa as infraestructuras do centro, limitadas en exceso contra o final do curso, a época na que a maioría dos TFEs se presentan.

Obradoiros integrados de 4º curso	
Docente/s responsable/s	Equipo docente das disciplinas de Obradoiro de 4º curso.
Obxectivo	Desenvolver e presentar os espectáculos xerados nas integracións establecidas entre as disciplinas de Obradoiro de 4º curso.

Descrición	Proceso completo de planificación, ensaio e exhibición de espectáculos. Posibles saídas externas para a súa representación en teatros e auditorios.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado dos Obradoiros de 4º curso de todas as especialidades.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Planificación e ensaio das producións desde o inicio do curso até o mes de marzo, empregándose aulas prácticas (fundamentalmente a Sala Ana Vallés, a Sala Chévere e a Aula Cándido Pazó, mais tamén a P2 e a Sala Pedra Seixa para probas puntuais). A Biblioteca constitúe o lugar de reunión conxunta. A exhibición dos traballos realizarase entre o 17 e o 27 de marzo. Os lugares de exhibición (dentro ou fóra do centro) definiranse ao longo do primeiro cuadrimestre, en función das necesidades técnicas e artísticas de cada espectáculo.
Repercusións económicas	As que o centro determine na partida dos orzamentos anuais dedicada a esta disciplina.
Necesidades que se prevén	Aínda non contempladas.

Mostras de outono e Mostras de primavera	
Docente/s responsable/s	Profesorado das disciplinas desde as cales se preparen esas actividades.
Obxectivo	Ensinar traballos realizados en diversas disciplinas da escola e favorecer o encontro co público.
Descrición	Boa parte das ensinanzas da escola precisan dun contacto co público para que o alumnado experimente o proceso completo de xestación, ensaio e exhibición pública, propio do ámbito escénico. As mostras teñen, entre outras, esa finalidade.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado das disciplinas desde as que se preparen esas mostras.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	As mostras de outono terán lugar entre o 16 e o 20 de decembro; as mostra de primavera, entre o 19 e o 30 de maio.
Repercusións económicas	Entre as mostras interdisciplinares de 1º a 3º curso repartirase unha partida do orzamento anual especificamente dedicada a elas. O resto de mostras correrán a cargo das dotacións económicas do departamento didáctico de cada disciplina.
Necesidades que se prevén	Aínda non contempladas. Serán xestionadas máis adiante polo Departamento de Produción.

AC2 - Celebracións e conmemoracións

Lección inaugural do curso	
Docente/s responsable/s	Vicedirección
Obxectivo	Favorecer o convivio e impulsar o novo curso escolar estreitando os vínculos entre a comunidade académica e a profesión teatral galega.
Descrición	Acto formal na Sala Pedra Seixa, con breves discursos de

	personalidades e cargos da ESADg. Lección inaugural a cargo da actriz, dramaturga e narradora oral Paula Carballeira. Nomeamento dun espazo da ESADg. Encontro do alumnado cos artistas convidados. Presentacións de libros e exposición na Biblioteca.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Todo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	7 de outubro
Repercusións económicas	Dietas das persoas convidadas e compra de libros.
Necesidades que se prevén	Aínda por determinar.

Día Mundial da Danza e Día Mundial do Circo	
Docente/s responsable/s	Vicedirección e Afonso Becerra
Obxectivo	Fomentar as relacións e confluencias con outras artes escénicas.
Descrición	Oportunidades de visibilización social de artistas da danza e do circo, moi boas para un centro de Arte Dramática propor encontros e cruzamentos.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de todas as especialidades.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Abril
Repercusións económicas	Colaboración co Centro Coreográfico Galego e fondos propios.
Necesidades que se prevén	

Título da actividade: 25 N	
Docente/s responsable/s	Irene Moreira
Obxectivo	Concienciar sobre a violencia machista.
Descrición	Actos arredor do 25N deseñados dende a comunidade educativa coordinados polo servizo de igualdade
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Todo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Tres semanas antes na sala de xuntas para reunión e preparación de material
Repercusións económicas	Merca de material de refugallo e, se así se decide algunha dieta de transporte para persoa ou colectivo convidado. Entre 150/200€
Necesidades que se prevén	Altofalantes, micros de produción e atril.

Título da actividade: 8M na ESADG	
Docente/s responsable/s	Irene Moreira

Obxectivo	Reinvindicar o feminismo dende o 8M
Descrición	Actos arredor do 8M deseñados dende a comunidade educativa coordinados polo servizo de igualdade
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Todo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Tres semanas antes na sala de xuntas para reunión e preparación de material
Repercusións económicas	Merca de material de refugallo e, se asi se decide alguna dieta de transporte para persoa ou colectivo convidado. Entre 150/200€
Necesidades que se prevén	Altofalantes, micros de produción e atril.

Título da actividade: Día das escritoras	
Docente/s responsable/s	Mariana Fernández Pérez
Obxectivo	Celebrar o día das Escritoras
Descrición	Dar a coñecer ás mulleres que conformaron o Lyceum Club Feminino, no ano do centenario da súa fundación. Institución pioneira do asociacionismo feminino en España. Exercicio de memoria democrática que recupera o legado de centos de mulleres cuxa traxectoria intelectual. cultural e política foron clave na modernización de España.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Alumnado de 4 Obradoiro Textual Posible alumnado 4 de caracterización
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Presentación o 15 de Outubro no ástrago da ESADG
Repercusións económicas	Ningunha
Necesidades que se prevén	Micro e altavoces...

AC3 –Encontros e saídas didácticas

Título da actividade: VISITA A SANTIAGO DE COMPOSTELA	
Docente/s responsable/s	JULIO VILARIÑO CABEZAS
Obxectivo	Análise in situ de edificios e obras da historia da arte galega
Descrición	Visita guiada a edificios significativos de Santiago de Compostela relacionada coas materias de Historia da Arte
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Cursos de 2º de Dirección e Dramaturxia, Escenografía e Interpretación
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Pendente de confirmación para cadrar coa visita do alumnado de segundo ao CDG
Repercusións económicas	Aluguer do medio de transporte
Necesidades que se prevén	Coordinación coas viaxes do CDGLab

Título da actividade: Visitas a teatros e espazos de exposición	
Docente/s responsable/s	David Mortol Moreno
Obxectivo	Realizar visitas a teatros e museos para coñecer algúns traballos escenográficos salientables ou exposicións vinculadas cos procesos de ensinanza e aprendizaxe das disciplinas Espazo Escénico I e II; e Obradoiros I, II e III.
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	1º, 3º e 4º de Escenografía
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Ao longo do período lectivo do curso 2026/27, segundo a oferta cultural da cidade de Vigo, Pontevedra e arredores.
Repercusións económicas	--
Necesidades que se prevén	Coordinación e axuste horario dos grupos, se fora necesario, para facilitar as visitas.

Título da actividade: SAÍDAS DIDÁCTICAS-DEBUXO E PERCEPCIÓN VISUAL	
Docente/s responsable/s	María Sarmiento Rivas
Obxectivo	Desenvolver as competencias en percepción e análise visual e a representación de espazos e da figura humana no espazo.
Descrición	
Alumnado implicado	Alumnado de 1º e 2º de Escenografía.

(e modo de selección, se for o caso)	
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Dentro do horario das materias de Debuxo artístico I eII, Debuxo técnico I e II, Percepción visual e perspectiva I e II. Saídas pola contorna da escola para realizar actividades de debuxo do natural.
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Ningunha.

Título da actividade : Prácticas de movemento en espazos alternativos	
Docente/s responsable/s	Alba Blanco Dorrego
Obxectivo	Desenvolver traballos específicos en espazos naturais fóra da escola. Experimentar a observación real de elementos da natureza, dinámicas cotiáns en espazos públicos para analizar a súa poética e encontrar a trasposición o corpo mediante as ferramentas da linguaxe de movemento. Traballar fóra da aula para profundizar no traballo do factor espazo (en concreto no espazo total) confrontando o corpo a novas circunstancias.
Descrición	Propóñense diferentes traballos de observación e exploración mediante o procedemento da improvisación sobre contidos da asignatura de movemento expresivo como o espazo total, calidades do movemento, o camiñar etc... Preténdese aproveitar os recursos naturais da cidade para ter unha experiencia máis completa e poder reflexionar conxuntamente. 1. *Entrenamento*específico en circuito con dinámicas vinculadas a orografía da contorna próxima a escola. O obxectivo é insistir no acondicionamento físico que precisan nas vindeira sesións de traballo sobre os *límites corporais e a súa poética*. **Lugar:**Parque Nelson Mandela **Data:** Sempre que a climatoloxía o permita ata que rematen as clases lectivas. Marzo, Abril e Maio. 2. *Práctica de movemento* sobre as ferramentas do bloque espazo, forza e tempo. **Lugar:**Praia de Samil ou cercana. **Data:** Mes de Marzo - Abril dependendo da climatoloxía.

	3. Práctica vinculada a descontextualización dos corpos en espazos públicos e o concepto de *tensión entre o persoal e o común*. **Lugar:**Rúas do centro de Vigo. (Rúa do Príncipe e cercanas) **Data:** 2º cuadrimestre, dependendo da climatoloxía.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	1º de Interpretación e ou dirección e dramaturxia na asignatura de movemento expresivo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	O longo de todo o curso baixo criterios pedagóxicos. A especificar segundo a progresión dos grupos e o calendario académico.
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Activar o seguro escolar.

Título da actividade : Colaboración co museo MARCO e outros espazos.	
Docente/s responsable/s	Alba Blanco Dorrego
Obxectivo	Crear sinerxias con outras disciplinas artísticas como a fotografía, pintura, escultura etc…e ca programación cultural da cidade. Aproveitar pezas en exhibición para tomar puntos de partida no desenvolvemento de propostas vinculadas a materia de expresión corporal e o ámbito da linguaxe abstracta. Facer intervención nun espazo non convencional pero cunha serie de características muy particulares que se prestan a exploración de obras vivas como o traballo co corpo. Conectar cas posibilidades que ofrece a cidade e o seus espazos como escenario para a investigación e a creación. Aproveitar dinámicas desenvoltas na aula para confrontarse coa mirada do espectador/a de perfís variados e mostrar outras formas de expresión menos convencionais a comunidade creando referentes. Vivenciar o que conleva retomar traballos de improvisación e definir unha

	dramaturxia corporal coherente para ser realizada fora da aula ou crear dende outro tipo de espazos. Relacionar o traballo da aula con outras manifestacións artísticas na cidade.
Descrición	Proponse a intervención a través de traballos escollidos en galerías e museos.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	1º de interpretación na asignatura de Movemento expresivo. Posibilidade de integración con alumando do recorrido de interpretación xestual que teña aprobado movemento.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Datas por confirmar según programación. Espazo do museo MARCO e as inmediacións. Posibles galerías de arte máis pequenas.
Repercusións económicas	En principio ningunha.
Necesidades que se prevén	Activar o seguro escolar.

Título da actividade: Participación do alumnado de Escenografía en Enfócate	
Docente/s responsable/s	Alejandra Montemayor Suárez
Obxectivo	Fomentar o coñecemento da iluminación
Descrición	Encontro profesional sobre iluminación
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Todo os grupos de Escenografía
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Decemebro 2026 Santiago de Compostela
Repercusións económicas	--
Necesidades que se prevén	--

AC5 – Charlas, encontros, conferencias e presentacións

Título da actividade: Charla de Ana Romaní sobre Begoña Caamaño	
Docente/s responsable/s	INMACULADA LÓPEZ SILVA (DPTO. TEORÍA E HISTORIA DAS ARTES ESCÉNICAS)
Obxectivo	Coñecer e homenaxear a Begoña Caamaño no seu Ano das Letras
Descrición	Charla de Ana Romaní + participación da poeta nunha sesión do club de lectura feminista.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Toda a escola
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Pendente de confirmación con Ana Romaní. Último trimestre de 2026.
Repercusións económicas	Pago de honorarios e transporte (Orzamento Departamento de Teoría e Historia das AAEE)
Necesidades que se prevén	Sala axeitada para a charla (Biblioteca)

Título da actividade: Club de lectura feminista con xantar comunitario	
Docente/s responsable/s	Irene Moreira
Obxectivo	Igualar o coñecemento da literatura entre mulleres e homes
Descrición	Clube de lectura feminista, onde só se programan libros escritos por mulleres.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Todo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Sala do profesorado, 1 vez ao mes. Comezando en Outubro. Xantar comunitario.
Repercusións económicas	Non ten
Necesidades que se prevén	ningunha

Título da actividade: Práctica “espazo total” (Pedra Seixa)	
Docente/s responsable/s	Alba Blanco Dorrego

Obxectivo	Traballar fóra da aula para profundizar nas ferramentas do factor espazo confrontando o corpo a novas circunstancias. Realizar unha práctica conxunta coas 2 clases que propicie a interrelación e novas dinámicas.
Descrición	Práctica conxunta para a experimentación das ferramentas do espazo total a través da improvisación guiada.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	1ºA e 1ºB de Interpretación na asignatura de movemento expresivo. A valorar a participación do alumnado de 1º de dirección e dramaturxia que cursa a mesma asignatura así como alumnado de escenografía de 1º e calquera membro da comunidade educativa ao que lle poida interesar.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	A finais do primeiro cuadrimestre. A especificar segundo a progresión dos grupos, dispoñibilidades e calendario académico. Pendente de acordar con xefatura de estudos.
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Uso da iluminación LED do teatro e/ou deseño de iluminación se fose de interese dende algunha materia de escenografía.

Título da actividade : Mirada en escena

Docente/s responsable/s	Alba Blanco Dorrego
Obxectivo	Compartir en comunidade referentes. Promover o análise e a reflexión sobre o feito teatral e os seus procesos.
Descrición	Visionado de pezas teatrais de referencia (e/ou traballos da propia escola) en formato cine club.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o**	Toda a comunidade educativa interesada.

caso)	
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Datas por confirmar según calendario escolar e disposición do espazo. Previsiblemente martes a partir da finalización das clases.
Repercusións económicas	En principio ningunha.
Necesidades que se prevén	Adecuación do espazo de visionado (interior ou exterior segundo climatoloxía). Aula negra con proxector e colchonetas.

Título da actividade: CINE CLUB POZA CABALO	
Docente/s responsable/s	JULIO VILARIÑO CABEZAS JOSÉ MANUEL FARO GONZÁLEZ (COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE DINAMIZACIÓN LINGÚISTICA)
Obxectivo	Fomentar a cultura cinematográfica e o pensamento crítico entre o almunado.
Descrición	Proxección quincenal de filmes con presentación e tertulia posterior.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	--
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Proxeccións quincenais á entrada da Sala Pedra Seixa.
Repercusións económicas	En principio ningunha.
Necesidades que se prevén	Fotocopias de follas de sala e cartaces

Título da actividade: CHARLA PROFESIONAIS DO SECTOR	
Docente/s responsable/s	María Francelina
Obxectivos	1. Coñecer de primeira man a realidade profesional do sector da interpretación, a través das experiencias de profesionais en activo. 2. Identificar as competencias e habilidades necesarias para a incorporación ao mercado laboral, tanto desde o punto de vista artístico como profesional. 3. Coñecer o funcionamento do sector e os seus procesos de traballo, incluíndo aspectos relacionados con audicións, castings, ensaios ou relacións

	profesionais. 4. Favorecer o contacto directo entre o alumnado e profesionais do ámbito interpretativo, creando un espazo para o intercambio de experiencias e coñecementos. 5. Reflexionar sobre os retos e oportunidades da profesión, especialmente no momento de transición entre a formación académica e o ámbito profesional. 6. Desenvolver unha visión crítica e realista sobre o exercicio profesional da interpretación, coñecendo diferentes perspectivas e traxectorias.
Descrición	A actividade consiste na realización dunha **charla-coloquio con profesionais en activo do sector da interpretación**, dirixida ao alumnado de 4º curso. Ao longo do encontro, as persoas convidadas compartirán as súas experiencias profesionais, as súas traxectorias, os diferentes proxectos nos que participan e a realidade do traballo interpretativo.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	4º Interpretación textual
Período/s e lugar/es de preparación/realización	No horario e aulas da materia Interpretación Audiovisual I e II
Repercusións económicas	Gastos e custos de locomoción da persoa que dá a charla
Necesidades que se prevén	--

Título da actividade: **PLAN DE ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN E PROXECCIÓN DOS ESTUDOS DE DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA**	
Docente/s responsable/s	Integrantes do departamento de dirección escénica e dramaturxia
Obxectivo	Potenciar a visibilidade e proxección dos estudos de dirección escénica e dramaturxia.
Descrición	

	O seguinte documento pretende indicar as diferentes liñas de actuación do departamento: **PROGRAMA 1. VISIBILIZACIÓN DOS ESTUDOS** • Portas abertas. • Presentación en centros educativos. • Campaña audiovisual. • Xornada sobre probas de acceso. • Xornadas sobre a dirección de escena e dramaturxia. **PROGRAMA 2. CONEXIÓN CO SECTOR PROFESIONAL** • Encontros con profesionais. • Visitas a compañías/produtoras. • Foro de saídas profesionais. • Encontro con antigos/as alumnos/as. **PROGRAMA 3. DIRECCIÓN E DRAMATURXIA: IDENTIDADES E DIFERENZAS** • Mesa redonda sobre os dous perfís. • Análise de procesos de creación. • Debate sobre competencias específicas. • Elaboración dun documento de conclusións do departamento. **PROGRAMA 4. PROXECCIÓN DO TALENTO DO ALUMNADO** • Mostra e presentación de proxectos. ante profesionais do sector. • Encontros con compañías e institución do sector.
Alumnado implicado	As actividades estarán dirixidas, con carácter xeral, ao alumnado das especialidades de dirección escénica e dramaturxia, así como, naquelas propostas de carácter transversal, ao alumnado doutras especialidades dos estudos superiores de Arte Dramática. Así mesmo, algunhas das actividades estarán orientadas a posibles futuros/as candidatos/as interesados/as en cursar estes estudos.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Todo o curso
Repercusións económicas	Orzamento a cargo do Departamento
Necesidades que se prevén	As precisas en función de cada actividade.

Título da actividade: Encontro con Alberto Conejero	
Docente/s responsable/s	Ernesto Is
Obxectivo	-Achegar ao alumnado a realidade laboral do sector. -Poñer en valor a Dramaturxia. -Destacar a figura do dramaturgo e do guionista nos procesos creativos. -Dar visibilidade aos estudos de Dirección escénica e Dramaturxia,

	así como á escola.
Descrición	Coloquio co dramaturgo, guionista e director teatral Alberto Conejero. Autor de En mitad de tanto fuego, Ushuaia ou La piedra oscura, obra na que se basea La bola negra.
Alumnado implicado	Todas as especialidades e cursos
Período/s e lugar/es de preparación/realización	2 horas de duración na Sala Pedra Seixa Datas a acordar con Alberto Conejero.
Repercusións económicas	Desprazamento e estadía do convidado.
Necesidades que se prevén	Micrófonos, iluminación, cadeiras e proxector

Título da actividade: Laboratorio de Dramaturxia	
Docente/s responsable/s	Vanesa Sotelo
Obxectivo	Construír un espazo de encontro e intercambio entre as persoas interesadas na dramaturxia. Difundir e analizar os textos realizados en cursos anteriores por parte do alumnado. Servir de punto de información sobre convocatorias, proxectos e redes de contacto. Achegar ao alumnado a realidade laboral do sector.
Descrición	Encontro mensual co obxectivo de realizar unha análise crítica dos textos, así como a súa posible reescrita; compartir referentes e intercambiar experiencias ao redor da dramaturxia.
Alumnado implicado	Todas as especialidades e cursos
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Un mércores ao mes. Duración: 1h 30. Aula teórica / Aula práctica.
Repercusións económicas	Non hai
Necesidades que se prevén	

Título da actividade: OLLORELLA NO AR Laboratorio invisible de ficción dramática sonora	
Docente/s responsable/s	Joan Giralt-Baillach e Alejandra Montemayor
Obxectivo	- Impulsar a escrita de pezas curtas de teatro radiofónico e a súa realización e difusión. - Recuperar, dun xeito renovado, a experiencia desenvolvida durante catro tempadas por A pegada do eco na Radio ECCA, que implicou a toda a comunidade educativa.
Descrición	Práctica mancomunada da dramaturxia aural e da ficción sonora que permite pór en práctica ao estudantado de calquera especialidade algunhas das competencias que adquire na súa formación en diversas materias. Concepción, realización e emisión dun programa radiofónico nómade en algún dos formatos posibeís.
Alumnado implicado	Toda a comunidade educativa interesada. Dun xeito directo, na parte da escrita, deseño e realización: o estudantado das optativas de Deseño de espectáculos multidisciplinares e de Radiodrama e audioperformance polo seu traballo no campo da arte sonora e do audiodrama, mais tamén ao de 3º de Dramaturxia que traballa a dramaturxia da auralidade. Con todo, a actividade ben pode implicar a todas as especialidades e disciplinas nunha experiencia práctica, mancomunada, material -e intanxíbel ao mesmo tempo-, sen un lugar desde onde mirar (theatron) mais con moitos lugares desde onde escoitar e soar. Se cadra, soñar. Finalmente, a natureza sen fíos (wireless) desta actividade pode integrar o antigo estudantado a

	maneira de embigo dun futuro centro dramático nacional do ar.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	2º cuadrimestre. Periodicidade a definir polos participantes.
Repercusións económicas	As que impliquen a difusión
Necesidades que se prevén	Dispoñibilidade da aula de son e do material da escola para a realización.

Título da actividade: SINERXIAS V	
Docente/s responsable/s	VANESA SOTELO, RICARDO SOLVEIRA
Obxectivo	MOSTRAR O TRABALLO ESCÉNICO DE INTEGRACIÓN ENTRE SETE ESCOLAS ARTISTICAS
Descrición	PARTICIPACIÓN POR QUINTO ANO CONSECUTIVO NO PROXECTO “SINERXIAS", QUE AGLUTINA SETE ESCOLAS ARREDOR DUN PROXECTO ESCÉNICO A PRESENTAR NO TEATRO COLON DE A CORUÑA. NESTA OCASIÓN FARASE UNA POSTA EN ESCENA A PARTIR DO FILM “COTTON CLUB”
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	ALUMNADO DAS DIFERENTES ESPECIALIDADES E PERCORRIDOS DA ESAD DE GALICIA
Período/s e lugar/es de preparación/realización	ENSAIOS OS MÉRCORES DE TARDE. ENSAIO XERAL O 3 DE XUÑO DO TEATRO COLÓN DA CORUÑA. FUNCIÓNS OS DÍAS 4 E 5 D EXUÑO
Repercusións económicas	NECESIDADE DE MATERIAL ESCÉNICO
Necesidades que se prevén	ESPAZO DE ENSAIOS FIXO E CONTINUIDADE DO ALUMNADO INVOLUCRADO

Título da actividade : Encontro coa Apamp. Charla de sensibilización.	
Docente/s responsable/s	Laura Míguez Escudero

Obxectivo	Sensibilizar ao alumnado da EsadG na realidade da parálise cerebral. Xerar un espazo para coñecer, preguntar e valorar as potencialidades da expresión dramática dun programa atendendo á diversidade. Implicar o contexto mais próximo e crear comunidade na EsadG.
Descrición	Charla de sensibilización nas instalaciones de Apamp e demostración dos deportes que realizan e polo que obtiveron reconocidos prestixios.
Alumnado implicado	Alumnado da materia de Pedagoxía Teatral.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	A finais do primeiro cuadrimestre. Datas por confirmar.
Repercusións económicas	100 €
Necesidades que se prevén	Ninguna

Título da actividade : Práctica de Pedagoxía Teatral no colexio Castelao.	
Docente/s responsable/s	Laura Míguez Escudero
Obxectivo	Realizar unha sesión práctica da materia de Pedagoxía Teatral Xerar un espazo vivencial para coñecer e valorar as potencialidades da expresión dramática dun programa escolar. Implicar o contexto mais próximo e crear comunidade na EsadG.
Descrición	Práctica de mediación onde se aplican bases da pedagoxía teatral, a través do xogo dramático.
Alumnado implicado	Alumnado da materia de Pedagoxía Teatral.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Segundo cuadrimestre. Datas por confirmar.

Repercusións económicas	Ninguna
Necesidades que se prevén	Uso do altavoz do departamento.

Título da actividade: Xornadas de Escenografía	
Docente/s responsable/s	Departamento de Escenografía
Obxectivo	Dar visibilidade ao ámbito laboral e formativo da Escenografía, aproveitando o 18º aniversario da creación da especialidade na ESAD de Galicia.
Descrición	Xornadas de difusión e formación da plástica escénica, mediante a organización de encontros, cursos, seminarios e exposicións.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	1º, 2º, 3º e 4º de Escenografía, así como alumnado titulado.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Segundo cuadrimestre do curso 2026/27..
Repercusións económicas	--
Necesidades que se prevén	Coordinación horaria, recursos tecnolóxicos e espaciais da escola. **Orzamento específico da actividade: 550 €**

Título da actividade: PALESTRA SOBRE MOVEMENTO, DANZA, DRAMATURXIA E PENSAMENTO baixo o título "Dança e Filosofia: Ética, Raízes e Horizontes do Presente Frágil" – SECCIÓN BILINGÜE DE PORTUGUÉS	
Docente/s responsable/s	Afonso Becerra Arrojo
Obxectivo	Aproximar a todas as persoas, que así o desexen, á reflexión e ao pensamento producidos polos corpos en movemento, na danza ou no teatro físico e tamén a todo o substrato filosófico e literario que pode alimentar a creación e a dramaturxia direccionadas para a danza e o teatro físico.
Descrición	Palestra e conversa con Joana von Mayer Trindade e Hugo Calhim Cristóvão da NUISIS ZOBOP do Porto (Portugal): Associação Cultural de Criação, Investigação e Formação no Domínio das Artes Performativas, tomando como exemplo o proceso de creación da súa peza *QUANDO VEM A TACITURNA DE LIMIAR EM LIMIAR O PRESENTE FRÁGIL.*
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Aberto a toda a comunidade escolar e especialmente a alumnado e profesorado de dramaturxia e do itinerario de interpretación xestual. Tamén a persoas interesadas na lingua e na cultura portuguesas,

	porque se trata dunha palestra que vai ser impartida en portugués.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Xoves, 29 de outubro das 16h. ás 18h.
Repercusións económicas	Ningunha, porque contan cunha axuda a este efecto da DGArtes do Goberno de Portugal
Necesidades que se prevén	Aula con posibilidades para poder proxectar ou visualizar vídeos desde un ordenador portátil externo.

Título da actividade: PALESTRA SOBRE O PROCESO DE CREACIÓN A PARTIR DO CORPO E DO MOVEMENTO – SECCIÓN BILINGÜE DE PORTUGUÉS	
Docente/s responsable/s	Afonso Becerra Arrojo
Obxectivo	Descubrir as fases dun proceso de creación a partir do corpo e do movemento, xunto a outros referentes ou materiais, tales como a literatura, a filosofía, a música, a pintura, etc.
Descrición	Palestra e conversa con Joana von Mayer Trindade e Hugo Calhim Cristóvão da NUISIS ZOBOP do Porto (Portugal): Associação Cultural de Criação, Investigação e Formação no Domínio das Artes Performativas. Exposición do seu proceso de creación máis recente: ***Estas Ravinas de Osso e Carne por Onde Começam as Trevas do Absoluto***, que vai estar no festival Escenas do Cambio 2027 da Cidade da Cultura.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Aberto a toda a comunidade escolar e especialmente a alumnado e profesorado de dramaturxia e do itinerario de interpretación xestual. Tamén a persoas interesadas na lingua e na cultura portuguesas, porque se trata dunha palestra que vai ser impartida en portugués.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Dúas horas entre o 21 e o 23 de maio de 2027.
Repercusións económicas	Ningunha, porque contan cunha axuda a este efecto da DGArtes do Goberno de Portugal
Necesidades que se prevén	Aula con posibilidades para poder proxectar ou visualizar vídeos desde un ordenador portátil externo.

AC7 – Inserción laboral e fomento da empregabilidade

Programa CDGLab	
Docente/s responsable/s	Vicedirección
Obxectivo	Facilitar o tránsito do alumnado da ESADg á vida profesional.
Descrición	O CDGLab é un programa impulsado polo CDG en colaboración coa ESADg e coa participación doutras organizacións, como a AAAG e Escena Galega. Implica unha serie de accións que serven de encontro entre o teatro público e o alumnado da ESADg. Ás habituais visitas ao Salón Teatro, a Nave do CDG e a sesión de pitching en Compostela co director do CDG, neste curso sumaranse ao programa dúas novas accións: as prácticas extracurriculares (de dirección, dramaturxia e escenografía en proxectos do Salón Teatro) e os acompañamentos pedagóxicos, unha formación complementaria impartida por profesionais cualificados que asesorarán ao alumnado de 4º curso nos seus obradoiros e/ou traballos finais de estudos.
Alumnado implicado	Todo o alumnado da escola.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Durante todo o curso en diferentes sesións. Anexo final detallado.
Repercusións económicas	Gastos asumidos polo CDG
Necesidades que se prevén	Coordinación coa Xefatura de estudos e permisos.

AE1 – Actividades de formación e investigación

Título da actividade : PROXECTO DE INTERVENCIÓN ESPACIAL	
Docente/s responsable/s	David Mortol Moreno
Obxectivo	Desenvolver un proxecto de intervención espacial integrado por todas as especialidades da escola (no caso do Departamento de Escenografía, sería a materia Espazo Escénico de primeiro quen participara).
Descrición	Para poder levar a cabo este proxecto, habería que contactar cun museo de Vigo (por exemplo, o Museo MARCO) para estudar a viabilidade do mesmo.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Todo o alumnado de 1º curso de todas as especialidades.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Día Internacional dos Museos (18 mes de maio de 2026) Espazos do museo elixido.
Repercusións económicas	1.000 € + Gastos de transporte de material e persoas.
Necesidades que se prevén	Posibles axustes de horarios (profesorado e alumnado) Recursos espaciais para ensaios (aulas, mesas, cadeiras..) Recursos tecnolóxicos (proxectores, pantallas, focos…)

Título da actividade: Colaboración co museo MARCO e outros espazos.	
Docente/s responsable/s	Alba Blanco Dorrego
Obxectivo	Crear sinerxias con outras disciplinas artísticas como a fotografía, pintura, escultura etc…e ca programación cultural da cidade.

	Aproveitar pezas en exhibición para tomar puntos de partida no desenvolvemento de propostas vinculadas a materia de expresión corporal e o ámbito da linguaxe abstracta. Facer intervención nun espazo non convencional pero cunha serie de características muy particulares que se prestan a exploración de obras vivas como o traballo co corpo. Conectar cas posibilidades que ofrece a cidade e o seus espazos como escenario para a investigación e a creación. Aproveitar dinámicas desenvoltas na aula para confrontarse coa mirada do espectador/a de perfís variados e mostrar outras formas de expresión menos convencionais a comunidade creando referentes. Vivenciar o que conleva retomar traballos de improvisación e definir unha dramaturxia corporal coherente para ser realizada fora da aula ou crear dende outro tipo de espazos. Relacionar o traballo da aula con outras manifestacións artísticas na cidade.
Descrición	Proponse a intervención a través de traballos escollidos en galerías e museos.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	3º de Interpretación na asignatura de Mimo. 1º de interpretación na asignatura de Movemento expresivo.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Datas por confirmar según programación. Espazo do museo MARCO e as inmediacións. Posibles galerías de arte máis pequenas.
Repercusións económicas	En principio ningunha.
Necesidades que se prevén	Activar o seguro escolar.

Título da actividade: Autoficción: corpo, escritura e discurso	
Docente/s responsable/s	Vicedirección
Obxectivo	Coñecer as claves da autoficción
Descrición	Encontro con Jean Carlos Gonçalves (Brasil)
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Todo 4º curso
Período/s e lugar/es de preparación/realización	25 de setembro de 2026
Repercusións económicas	Ningunha
Necesidades que se prevén	Ningunha

Titulo da Actividade: Convivio e Creación. Xornadas en comunidade.	
Docente/s responsable/s	Vicedirección e Bea Porrúa
Obxectivo	Crear un evento de convivencia, expresión artística, (auto)coidados e (auto)coñecemento. Tomar consciencia do corpo, das emocións e das necesidades individuais para favorecer o autocuidado. Fortalecer a confianza e os vínculos entre o grupo, e explorar a creación colectiva.
Descrición	Elaboración en proceso
Alumnado implicado	Toda a comunidade
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Principios de xaneiro
Repercusións económicas	Aínda non se determinaron
Necesidades que se prevén	Non se prevén. Posibilidade de incluír colaboracións externas se hai recursos económicos, como por exemplos os Obradoiros de A Colectiva - Asociación Profesional de Artistas de Galicia

Título da actividade: Obradoiro de creación sonora con Inko Martín	
Docente/s responsable/s	Xavier Castiñeira e Ernesto Is
Obxectivo	-Comprender o concepto espazo sonoro -Identificar as capacidades expresivas do espazo sonoro en relación á súa función e significación. -Analizar e concibir os elementos sonoros aplicados na dramaturxia e na escenificación. -Estruturar e executar as diferentes fases do proceso de deseño de son: preprodución, produción, posprodución e deseño de sala. -Deseñar e crear ambientes sonoros.
Descrición	Obradoiro práctico de creación sonora con Inko Martín, no que o alumnado explorará as posibilidades da sonoplastia. Desde o deseño e edición de ambientes pregravados ata a creación de atmosferas a través de técnicas coma o *foley*. *https://inkomartin.net/*
Alumnado implicado	Dirección escénica e Dramaturxia Escenografía
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Unha sesión de 4 horas de duración Aula práctica ou aula de son Datas a acordar con Inko Martín
Repercusións económicas	Desprazamento e estadía do docente dende Donostia. Dietas
Necesidades que se prevén	Mesa de son, micrófonos, altofalantes e toma de corrente.

Título da actividade: Claves do Pitch escénico	
Docente/s responsable/s	Xavier Castiñeira Blanco

Obxectivo	Dotar o alumnado das ferramentas necesarias para presentar, comunicar e defender proxectos escénicos de maneira clara, eficaz e persuasiva, adaptando o discurso, os soportes e as estratexias de comunicación aos diferentes contextos profesionais de exhibición, programación, financiamento, distribución e venda.
Descrición	O curso estrutúrase en dúas sesións de dúas horas. Na primeira xornada abordaranse os principais elementos que debe conter unha presentación de proxecto, así como diferentes estratexias e consellos para construír un discurso claro, atractivo e eficaz. Traballaranse aspectos como a capacidade de síntese, a identificación dos elementos diferenciais do proxecto, a adaptación do discurso ao interlocutor e o uso de recursos visuais e comunicativos. A segunda sesión terá un carácter eminentemente práctico e participativo. A través do estudo de casos creados polo alumnado participante, analizaranse diferentes formas de presentar e comunicar unha proposta, identificando fortalezas, debilidades e posibilidades de mellora. O obxectivo será trasladar os conceptos traballados na primeira sesión a situacións próximas aos contextos profesionais reais de presentación, programación, financiamento, coprodución, distribución e venda de proxectos escénicos.
Alumnado implicado	O curso está dirixido ao alumnado de 3º e 4º curso de todas as especialidades, interesado en adquirir ferramentas e estratexias para a presentación, comunicación, defensa e comercialización de proxectos escénicos no ámbito profesional. O curso terá un máximo de 14 participantes por sesión, co obxectivo de garantir unha dinámica de traballo próxima, participativa e adecuada especialmente para a parte práctica. No caso de que a demanda supere esta cifra, o alumnado organizarase en varias quendas, mantendo o límite máximo de 14 persoas por grupo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Mes de outubro en horario de tarde (16:00-18:00)
Repercusións económicas	Ningunha
Necesidades que se prevén	Aula de Produción

AE3– Actividades artísticas propias ou nas que colabora a ESADg

Coro da ESADg	
Docente/s responsable/s	Marion Sarmiento
Obxectivo	Gozar do canto en grupo e adquirir hábitos e ferramentas do canto a varias voces
Descrición	1 sesión semanal de dúas horas de canto coral. Posible colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo. Actividades: - Concerto xunto coa Orquestra da UVigo, os coros dos campus de Ourense e Pontevedra e o Coro Sénior da UVigo. Extractos do Mesías de Haendel. Finais de abril. - Concerto de Nadal no Paraninfo da UVigo xunto co Coro Sénior da

	universidade. 17 de decembro. - Actuación do Coro en Innovart.
Alumnado implicado	Alumnado actual e egresado, profesorado da ESADg. Eventuais colaboradores externos á ESADg.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Aula P14, luns de 16 a 18.
Repercusións económicas	Descoñecidas por agora
Necesidades que se prevén	Dependendo do número de cantoras e cantores, unha aula máis grande que a P14, con piano. Cadeiras sen brazo suficientes para tod@s (por agora utilizamos as da biblioteca). Atril para a profesora.

Título da actividade: Unidade de Simulación Clínica do Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.	
Docente/s responsable/s	Nuria Montero Gullón
Obxectivo	Participar nos cursos de formación dos MIR de xinecoloxía e obstetricia do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
Descrición	As alumnas e os alumnos participantes asumen os roles de pacientes e acompañantes nos escenarios preparados polos médicos do Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do HAC nos cursos de formación específicos de emerxencias obstétricas.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	En vías de selección. Se realizará atendendo ás capacidades necesarias e específicas dun/ha actor/actriz de simulación.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Normalmente son catro ou cinco cursos ao longo do ano académico de unha ou dúas tardes.
Repercusións económicas	Non hai.
Necesidades que se prevén	Ningunha.

Título da actividade: FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR GALIZA + PORTUGAL – SECCIÓN BILINGÜE DE PORTUGUÉS	
Docente/s responsable/s	Afonso Becerra Arrojo
Obxectivo	Ofrecer a posibilidade de participar cun proxecto teatral ou unha peza teatral que estea en proceso de creación ou recentemente rematada no FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR que organiza a Sección de Literatura Dramática da AELG (Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega), xunto ao Teatro Rosalía Castro da Coruña e ao Camões Centro Cultural Portugués en Vigo. Asistir e participar nunha xornada na que se presentan e debaten proxectos escénicos enriba do escenario do Teatro Rosalía Castro, analizando a súa viabilidade de cara á posibilidade da súa estrea.

	Asistir á unha masterclass de algunha figura relevante do ámbito estatal ou internacional das artes escénicas.
Descrición	A AELG, coa axuda do Concello da Coruña, vén organizando esta xornada na que se seleccionan 4 proxectos escénicos galegos e 3 proxectos escénicos portugueses para presentar 15 minutos de cada un deles e, despois, establecer un debate doutros 15 minutos. Para cada un dos proxectos seleccionados para participar, o festival asigna unha cantidade económica que vai dos 500 aos 600 euros. Ao final das presentacións escénicas e dos debates, os sete equipos artísticos mailo xurado integrado polo director do Teatro Rosalía Castro, a responsable do Camões Centro Cultural Portugués en Vigo e o coordinador do festival, votan polo proxecto escénico que lles parece que podería completarse e estrearse e ofréceselle esa posibilidade dentro dos espazos de exhibición teatral do Concello da Coruña. Ademais, en cada edición do festival é convidada unha figura relevante do ámbito das artes escénicas para acompañar o festival e para impartir unha masterclass sobre algún tema de especial actualidade ou relevancia (teñen participado as direccións artísticas do Teatre Nacional de Catalunya, da Sala Beckett de Barcelona, do Teatro Gil Vicente de Coimbra, da Companhia Teatro Praga de Lisboa, do Centro Dramático Nacional de Madrid, do Teatro Diogo Bernardes de Ponte de Lima, do Centro Cultural Vila Flor de Guimarães, etc.)
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Alumnado de 3º e 4º cursos de todas as especialidades. Sería óptimo se houbese a posibilidade de que se desprazase este alumnado ao festival para participar e observar posibilidades para a presentación dos proxectos dos OBRADOIROS INTEGRADOS e mesmo dos TRABALLOS FIN DE ESTUDOS.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	O festival celébrase un domingo de finais de outubro ou principios de novembro, dependendo da dispoñibilidade do Teatro Rosalía Castro da Coruña. A presentación e debate dos 7 proxectos escénicos, máis a masterclass, fanse en horario de mañá e de tarde, entre as 10h. e as 14h. e entre as 16h. e as 20h. aprox. O IX FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR GALIZA + PORTUGAL 2026 celébrase o domingo 25 de outubro no Teatro Rosalía Castro da Coruña. A convocatoria sae a final de curso, durante o verán e péchase a finais de setembro
Repercusións económicas	Consistiría en asumir o desprazamento do alumnado implicado.
Necesidades que se prevén	--

BIB - Actividades do servizo de Biblioteca

Título da actividade: Autores e autoras. Encontros na Biblioteca Álvaro Cunqueiro	
Docente/s responsable/s	Carmen Abizanda, Mariana Carballal e Nuria Montero
Obxectivo	Dar espazo aos textos de autores/as, en especial dramaturgos/as gale-

	gos.
Descrición	A premisa consistirá en que sexan os propios dramaturgos/as os que presenten as obras da súa autoría e tamén os que propoñan o debate e a reflexión sobre os textos.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Todo
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Todo o curso, especialmente de tarde
Repercusións económicas	Orzamento da Biblioteca
Necesidades que se prevén	Nalgún caso apoio de medios audiovisuais

Título da actividade: Club de Lectura Escena-Esadg	
Docente/s responsable/s	Carmen Abizanda Losada
Obxectivo	Achegar ao alumnado a lectura e o uso da lingua e a cultura galegas a través das pezas dramáticas. Tamén o coñecemento de outras literaturas dramáticas. O obxetivo é fomentar a convivencia en toda a comunidade, ser lugar de encontro coa literatura e a palabra escénica e desenvolver o coñecemento por parte do alumnado de dramaturxias recentes.
Descrición	O club desenvolverase en tres áreas: Literatura Dramática Galega, Literatura Dramática Universal e Literatura Dramática Castelá. Trataranse principalmente textos de dramaturgos/as galegos e pezas en galego. Tamén vanse propiciar encontros cos autores/as, pequenas escenificacións de fragmentos das pezas e lecturas dramatizadas. Traballarase tanto a expresión oral como a escrita e a comprensión lectora.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	O alumnado será das tres especialidades e formará parte do Club de Lectura Escena-Esadg
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Biblioteca Álvaro Cunqueiro. Dende o 16 de outubro ata finais de abril.
Repercusións económicas	A biblioteca solicita cada ano unha axuda da Xunta de Galicia.
Necesidades que se prevén	

DIN - Actividades do servizo de Dinamización Lingüística

Título da actividade: Alicerces	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte e Fran Pelteiro
Obxectivo	Visibilizar entre o alumnado o patrimonio teatral galego
Descrición	Creación dunha exposición permanente sobre unha persoa significativa da historia do teatro galego. Unha persoa por cuatrimestre.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Orientada a todo o alumnado. Participación activa do alumnado de escenografía ou alumnado con intereses e coñecementos en deseño gráfico e montaxe de exposicións.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Primeiro cuatrimestre
Repercusións económicas	Compra de materiais necesarios para a exposición.Procura dun espazo para instalar a exposición Posibilidade de que unha parte da exposición fique na escola de forma permanente
Necesidades que se prevén	Procura dun espazo para instalar a exposición de forma permanente.

Título da actividade: Efemérides	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte
Obxectivo	Utilizar as efemérides como eventos de reivindicación lingüística e cultural
Descrición	Actos relacionadas con diversas efemérides relacionadas coas artes escénicas e a lingua. Por exemplo: Samaín, Día de Rosalía, Entroido, Día Mundial do teatro, Días das letras galegas... Iránse concretando segundo intereses, posibilidades e necesidades
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Orientada a todo o alumnado.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Segundo a efeméride.
Repercusións económicas	Segundo a efeméride.

Necesidades que se prevén	Segundo a efeméride.

Título da actividade: Proxecto Frederico	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte, Santi Prego, Inma López Silva, Bea Porrúa, María Xesús Ramos
Obxectivo	Terminoloxía escénica e dramática, escenotécnica e interpretativa do campo das artes escénicas en lingua galega
Descrición	Proxecto a longo prazo en varias fases -Investigación terminolóxica en colaboración coa RAG , o ILG e a UV, USC e UDC (Cilha Lourenço) -Difusión dalgúns termos comúns nas instalacións da ESADG mediante rotulación ou cartelaría (esceNa, persoNaxe, estrea, quecemento, bambolina, etc)
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Orientada a todo o alumnado.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Todo o curso.
Repercusións económicas	Gastos de desprazamento ao CUVI e a Santiago Gastos de cartelaría
Necesidades que se prevén	Propoño que sexa de organización interdepartamental

Título da actividade: Obradoiro continuo de narración oral	
Docente/s responsable/s	Santi Prego
Obxectivo	-Adestrar a competencia oral en lingua galega do alumnado de interpretación -Traballar o galego escénico
Descrición	O alumnado adestrará as súas destrezas na narración oral guiado por un especialista (Santi Prego)
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Orientada a todo o alumnado.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Todo o curso. Sesión individuos ou en grupo en horario de tarde.

Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Un espazo para ensaiar.

Título da actividade: PANO! O teatro... en galego	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte, Fran Peleteiro
Obxectivo	-Divulgar entre a comunidade educativa o patrimonio cultural histórico do teatro galego -Visibilizar socialmente a ESADG e contribuír a crear vínculos coa profesión -Promover a reflexión sobre usos lingüísticos terminoloxía galega de artes escénicas
Descrición	Serie audiovosual para redes sociais con contidos en formato de curta e/ou media duración sobre teatro galego e sobre teatro universal en galego
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Segundo e terceiro de dirección e dramaturxia.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Todo o curso. Plató e outros espazos.
Repercusións económicas	200 euros para comprar material
Necesidades que se prevén	Conta oficial do EDL en TikTok, Instagram e YouTube Ligazón desde a web da ESAD Trípode de móbil. Micrófonía para móbil e redes sociais

Título da actividade: Parola Papuxa (Club de debate de artes escénicas)	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte e Roberto Pascual
Obxectivo	-Adestrar a competencia oral en lingua galega do alumnado -Traballar o galego escénico en ambientes de rexistro coloquial pero público
Descrición	Ciclo de coloquios, entrevistas e conversas durante os períodos de mostras. de decembro e maio, e nalgunha outra ocasión de experiencias compartidas arredor do feito escénico.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Orientada a todo o alumnado. Seleccionarase ao alumnado que

	conducirá os debates en base a destrezas lingüísticas e comunicativas.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Semana de mostera de decembro e quincena de mostras de maio, e nalgunha outra ocasión de experiencias compartidas arredor do feito escénico.
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Equipo de son. Atrezzo, escenografía e iluminación. (Primarase utilizar as xa existentes en cada mostra)

Título da actividade: Podcast Ásperos Espartos	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte
Obxectivo	-Traballar a oralidade pública en lingua galega propia do medio radiofónico -Visibilizar iniciativas, traballos e outras actividades da ESAD
Descrición	Creación, gravación e difusión dun podcast sobre Artes Escénicas en lingua galega. En colaboración coa EAV de Bouzas.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Alumnado de todas as especialidades. Participación voluntaria.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Preparación durante o primeiro cuadrimestre. Gravación do capítulo piloto a última semana de novembro nos estudos de Bouzas. Gravación tres episodio durante o curso: Outono, Inverno e Primavera. Con posibilidade de facer un Extra de Verán despois de finalizar o curso.
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Traslados a Bouzas. Acceso a sala de xuntas ou similiar para as reunións do consello de redacción.

Título da actividade: Premio de Teatro Breve ESADG "Manuel Lourenzo"	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte, Xavier Castiñeira e Vanesa Sotelo.
Obxectivo	Fomentar a escrita dramática en lingua

	galega.
Descrición	Premio de dramaturxia breve. O premio consiste na publicación na colección dos libros da erregueté do texto gañador e dos dous textos finalistas. Ademais tamén se contempla a posibilidade de facer unha versión sonora do texto gañador dentro do podcast Ásperos Espartos.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Orientada a todo o alumnado. Todo o que queira presentarse.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Anuncio a finais do primeiro cuadrimestre. Fin de prazo 28 de febreiro. Lectura dos textos por parte do xurado no mes de marzo. Anuncio do texto gañador o Día Mundial do Teatro. Posterior edición e publicación do volume na colección do libros da erregueté. Cunha presentación na ESADG incluída.
Repercusións económicas	Custos de edición, corrección e publicación a cargo da erregueté.
Necesidades que se prevén	Elaboración e difusión das bases.

Título da actividade: Samaín ESADG-CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	
Docente/s responsable/s	Roi Vidal Ponte e Santi Prego
Obxectivo	-Adestrar a competencia oral en lingua galega do alumnado de interpretación -Traballar o galego escénico cun público infantil -Fortalecer e extender a colaboración co CEIP Castelao
Descrición	O alumnado escenificará en forma de narración oral os contos escritos polo alumnado de Primaria do CEIP Castelao. Outras acttividades en colaboración co CEIP Castelao en relación co programa de actividades do seu Equipo de Dinalización.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Orientada a todo o alumnado.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Última semana de outubro. Outras datas en función das posibilidades de

	colaboración.
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	O alumnado sairá do centro en horario lectivo

MOB - Actividades do Departamento de Mobilidade e Transición

Título da actividade : Xornadas Erasmeiras	
Docente/s responsable/s	Laura Míguez Escudero
Obxectivo	Informar a toda a comunidade da temporalidade e requisitos das convocatorias Erasmus. Compartir relatos e experiencias vividas en prol de impulsar a participación.
Descrición	Coordinaremos un encontro aberto e participativo dos relatos e experiencias Erasmus sendo a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia un centro de saída e de acollida. Será un acto lúdico e diverso que fomentará a interculturalidade e que salientará a riqueza da inclusión.
Alumnado implicado	Toda a comunidade educativa.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Primeiro cuadrimestre, xoves 29 de Outubro. Páranse ás aulas ás 11:30
Repercusións económicas	Orzamento do propio Departamento de Mobilidade e Transición.
Necesidades que se prevén	Uso da Sala Pedra Seixa, a súa pantalla para a proxección de documentación e equipo de son (1 altavoz, 2 micrófonos, 1 atril).

Título da actividade : EsadG, e despois que?	
Docente/s responsable/s	Laura Míguez Escudero
Obxectivo	Ampliar a visión do alumnado respecto as posibilidades de formación. Amosar unha perspectiva vivencial de diferentes estudos. Conectar o alumnado doutras xeracións.

Descrición	Encontro entre participantes de diferentes formacións posteriores á titulación na ESADG.
Alumnado implicado	Alumnado de cuarto curso.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Segundo Cuatrimestre. Datas por confirmar. Valoramos a mediados de abril.
Repercusións económicas	Orzamento do propio Departamento de Mobilidade e Transición.
Necesidades que se prevén	Uso da biblioteca e da pizarra dixital.

Título da actividade : Xornadas Erasmeiras II	
Docente/s responsable/s	Cristina Domínguez Dapena, Vanesa Sotelo
Obxectivo	Intercambio entre alumnado galego e portugués con dramaturgas galegas e portuguesas para profundar no mutuo coñecemento de ambas realidades escénicas.
Descrición	Lectura dramatizada a cargo do alumnado galego e portugués, e encontro con dramaturgas galegas e portuguesas
Alumnado implicado	Toda a comunidade educativa.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Datas por confirmar. Prevese un tempo de encontro entre o alumnado participante, as dramaturgas e o resto da ESAD ao rematar o evento en Vigo.A duración aproximada é de hora e media
Repercusións económicas	Os custos de desprazamento son pagados polo Consello da Cultura e o Instituto Camões. Pode haber algún gasto mínimo de aguas e/ou bocadillos). Contamos cunha axuda extraordinaria do Instituto Camões para facilitar o encontro do alumnado galego e portugués, que xa esta contabilizado en secretaría e só se pode utilizar para iso. Tamén contaremos co apoio do Dpto. De Mobilidade e Transición.

Necesidades que se prevén	Sería óptimo poder realizar a actividade na Sala Pedra Seixa. Necesidades de iluminación e microfonía e un tempo para que o alumnado poida ensaiar. O evento comezará ás 17:00h.

Título da actividade : BIP EN TEATRO SOCIAL	
Docente/s responsable/s	Laura Míguez Escudero
Obxectivo	Favorecer a colaboración internacional e comunitaria poñendo o foco na diversidade a tráves da creación escénica. Implicar o contexto mais próximo e achegamos á creación e comunidade na EsadG.
Descrición	O BIP de Teatro Social é un Programa Intensivo Combinado (Blended Intensive Programme, BIP) do programa europeo Erasmus+ organizado pola ESAD de Galicia (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia) a través do seu Departamento de Mobilidade e Transición.
Alumnado implicado	Toda a comunidade educativa e de institucións colaboradoras.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Segundo Cuatrimestre. Datas por confirmar. Valoramos entre o 30 de Marzo e o 02 de Abril.
Repercusións económicas	Orzamento do propio Departamento de Mobilidade e Transición.
Necesidades que se prevén	Uso da Sala Pedra Seixa, a súa pantalla para a proxección de documentación e equipo de son (1 altavoz, 2 micrófonos, 1 atril).

Título da actividade: Dramaturxias Itinerantes	
Docente/s responsable/s	Cristina Domínguez Dapena
Obxectivo	-Profundar no coñecemento das dramaturgas actuais tanto en Galicia coma en Portugal. Profundar no coñecemento das institucións galegas e portuguesas.
Descrición	-Presentación das publicacións online das tres últimas edicións dos textos que participaron nas Dramaturxias itinerantes

Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	- Alumnado de dramaturxia
Período/s e lugar/es de preparación/realización	-11 de novembro de 2026, ás 16:30 no Consello da Cultura en Santiago de Compostela
Repercusións económicas	-Traslado a Santiago de Compostela
Necesidades que se prevén	-Traslado a Santiago de Compostela

Título da actividade: EU.EXPERIMENTO (teatro) Camões Centro Cultural Portugués de Vigo – SECCIÓN BILINGÜE PORTUGUÉS	
Docente/s responsable/s	Afonso Becerra Arrojo
Obxectivo	Potenciar o intercambio e a relación cultural/teatral co alumnado Erasmus de países de fala portuguesa e a súa integración na cidade de Vigo e en Galiza. Ofrecer unha actividade directamente relacionada co teatro no marco das actividades que organiza o Camões Centro Cultural Portugués de Vigo.
Descrición	Convite para participar no Grupo de teatro amador EU.EXPERIMENTO do Camões Centro Cultural Portugués de Vigo. Creación dun espectáculo teatral en lingua portuguesa.
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Alumnado Erasmus que provén de países de fala portuguesa, así como a outras persoas da comunidade escolar da ESADG con competencias lingüísticas en portugués, que queiran facer teatro en portugués.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Ao longo de todo o ano léctivo. Camões Centro Cultural Portugués de Vigo.
Repercusións económicas	Ningunha. É unha actividade financiada polo Camões Centro Cultural Portugués de Vigo.
Necesidades que se prevén	Asistencia aos ensaios do EU.EXPERIMENTO, dúas horas á semana, nas cuartas-feiras, nos locais do Camões Centro Cultural Portugués de Vigo.

PRO - Actividades do Departamento de Creación e Produción

Título da actividade: Visitas de centros educativos. Organización e hospitalidade.	
Docente/s responsable/s	José Faro e Vicedrirección
Obxectivo	Promover o coñecemento da oferta formativa da ESAD e fomentar o interese do alumnado adolescente pola Arte Dramática.
Descrición	Visitas dos centros educativos. Plan de

	acollemento e percorrido.
Alumnado implicado **(e modo de selección, se for o caso)**	Alumnado de todos os cursos e especialidades
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Nas aulas. Visitas guiadas.
Repercusións económicas	
Necesidades que se prevén	Por determinar

Título da actividade: Visitas sectoriais da cultura	
Docente/s responsable/s	Vicedirección
Obxectivo	Fomentar o coñecemento dos diferentes sectores da cultura, da xestión cultural, dos Dereitos Culturais e do emprendemento cultural vinculado aos estudos en Arte Dramática
Descrición	Encontros dirixidos a grupos de interese, masterclass, conversas e visitas
Alumnado implicado (e modo de selección, se for o caso)	Toda a comunidade escolar
Período/s e lugar/es de preparación/realización	29 de setembro – Visita de Antón Coucheiro. Improvisación escénica. Maio – Encontro RAG e ILG para impulsar o Laboratorio da Fala. Xuño - Xullo Colaboracións formativas coa FEGATEA
Repercusións económicas	Non se prevén de momento
Necesidades que se prevén	

ESCOLA SUPERIOR DE
ARTE DRAMÁTICA
DE GALICIA

CDGLab

Curso 2026/2027

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Centro Dramático Galego

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Un punto de encontro entre a formación e a profesión

O Centro Dramático Galego e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia comparten o obxectivo de fortalecer as relacións entre a formación superior en arte dramática e o sector profesional das artes escénicas.

O Centro Dramático Galego desenvolve, xunto coa súa actividade artística, unha importante función de vertebración do sistema teatral galego e de acompañamento ás novas xeracións de profesionais.

Pola súa banda, a ESAD de Galicia debe proporcionar ao seu alumnado unha preparación artística, técnica e intelectual sólida, mais tamén debe favorecer o coñecemento directo das estruturas profesionais, dos procesos de creación e produción e das dinámicas laborais propias do sector escénico.

Nese contexto nace o **CDGLab**, entendido como un **programa estable de colaboración entre CDG e ESAD de Galicia, destinado a facilitar a transición entre a etapa formativa e o exercicio profesional**.

A experiencia desenvolvida nos últimos cursos demostra a conveniencia de consolidar esta colaboración e de integrala nun marco institucional estable que permita ampliar as oportunidades de formación, coñecemento do sector e profesionalización do alumnado.

XUNTA DE GALICIA

Un proxecto consolidado

O CDGLab comezou no curso 2020/2021 coa vontade de crear un espazo de encontro entre a formación superior en arte dramática e o teatro público profesional. Ao longo destes anos desenvolvéronse diferentes iniciativas destinadas a achegar o alumnado da ESAD de Galicia aos procesos profesionais de creación, produción e exhibición escénica.

VISITAS AO SALÓN TEATRO

Coincidindo coas producións do Centro Dramático Galego, esta institución organizou visitas do alumnado da ESADg ao Salón Teatro, onde se combinan a asistencia ás representacións co coñecemento técnico do espazo e dos procesos de produción. Estas visitas permiten que o alumnado dialogue directamente cos profesionais vinculados ás producións e coñeza desde dentro o funcionamento dunha estrutura pública de produción teatral.

XORNADAS CDGLab

Ao longo de cada curso prográmanse encontros entre alumnado e profesionais de diferentes departamentos do CDG. Estas xornadas permiten achegar ao alumnado perspectivas profesionais sobre todos os ámbitos relacionados co exercicio profesional.

ACOMPAÑAMENTOS PEDAGÓXICOS E FORMACIÓN ESPECÍFICA

O CDGLab creou unha liña específica de acompañamento pedagóxico e profesional, especialmente dirixida ao alumnado do último curso da ESAD de Galicia. A finalidade desta liña consiste en poñer en contacto o alumnado con profesionais de recoñecida experiencia, co fin de que poidan acompañar determinados procesos académicos, artísticos ou de creación vinculados cos Traballos Fin de Estudo ou outros procesos desenvolvidos no período final da formación na ESADg.

As persoas convidadas polo CDG son profesionais cunha traxectoria recoñecida, favorecendo así tanto a transferencia de coñecemento como o intercambio interxeracional de creadores e creadoras. A súa mirada externa sobre o traballo do alumnado facilítalles unha transición progresiva entre o contexto académico e o profesional.

PROXECTOS CDGLAB

Un dos ámbitos de maior interese do programa é favorecer que o alumnado poida presentar os seus propios proxectos artísticos e profesionais ante persoas con experiencia no sector.

Por este motivo, o CDGLab incorporou desde hai anos un espazo no que alumnado do último curso da ESADg presenta, en formato *pitching*, proxectos de creación, produción ou investigación escénica que desexen desenvolver profesionalmente diante de profesionais de recoñecido prestixio.

Estes encontros, que se pretenden manter neste curso 2026/2027, permiten analizar cada proposta desde unha perspectiva artística, produtiva e profesional, proporcionando orientación sobre a súa viabilidade, posibles vías de desenvolvemento, produción, financiamento, distribución ou inserción no sistema escénico.

A actividade pretende ofrecer ao alumnado unha primeira experiencia de presentación pública dun proxecto nun contexto próximo ao profesional.

A maiores da actual presenza no *pitching* da dirección do CDG e das direccións artísticas da Mostra de Ribadavia, do Festival de Títeres de Redondela e da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, o obxectivo futuro desta actividade pasa por incorporar progresivamente outras figuras profesionais do ámbito da programación e a distribución, ampliando así as posibilidades de coñecemento, interlocución e desenvolvemento dos proxectos presentados.

XUNTA DE GALICIA

Proposta de actuación para o curso 2026/2027

Para o curso 2026/2027, o Centro Dramático Galego e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia propoñen consolidar conxuntamente o programa, incorporándoo como unha liña estable de cooperación entre ambas institucións. A proposta articúlase arredor dos seguintes criterios:

1. Manter a **colaboración coas principais asociacións profesionais e outras entidades do sector escénico galego**, nomeadamente a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), Escena Galega e os principais festivais e mostras do noso territorio.

2. Garantir, como mínimo, **unha actividade dirixida a cada curso da ESAD de Galicia**. Como proposta inicial establécese:

    a. 1º CURSO: Encontro na ESADg co alumnado + Asistencia a unha función no Salón Teatro, en Compostela.
    b. 2º CURSO: Visita ao Salón Teatro + Asistencia a unha función no Salón Teatro.
    c. 3º CURSO: Encontro sobre produción con Escena Galega, AAAG e CDG. + Asistencia a unha produción propia do CDG
    d. 4º CURSO: *Pitching* + Asistencia a unha produción do CDG.

3. Ofrecer **formación e acompañamento** ao alumnado en:

    a. Accesibilidade
    b. Monicreques, obxectos e formas animadas

XUNTA DE GALICIA

Concreción das actividades de 2026/2027

ENCONTRO SOBRE ACCESIBILIDADE

29 de outubro de 2026

Dentro da programación do CDGLab para o curso 2026/2027 proponse incorporar unha liña de traballo específica arredor da accesibilidade nas artes escénicas. O obxectivo é achegar ao alumnado da ESADg ferramentas, modelos e prácticas que permitan entender a accesibilidade como unha dimensión transversal dos procesos de creación, produción e exhibición.

Como primeira actividade desta liña, proponse un encontro con **Silvia Cabasino, responsable de Mediación e Accesibilidade do Teatro Nacional de Roma**, que achegará a experiencia desenvolvida por esta institución italiana nese ámbito.

A sesión tratará a accesibilidade desde unha perspectiva integral, atendendo tanto aos procesos de creación e produción como á exhibición, á mediación e á relación cos públicos. O encontro permitirá reflexionar sobre ferramentas e estratexias que poden incorporarse aos proxectos escénicos para facilitar o acceso e participación de diferentes públicos.

A partir da experiencia compartida por Cabasino, valorarase a organización de novas sesións nas que participen asociacións, colectivos e profesionais especializados do sector galego, favorecendo o intercambio de coñecementos e a identificación de boas prácticas e necesidades específicas no contexto das artes escénicas de Galicia.

ENCONTRO SOBRE PRODUCIÓN

25 de febreiro de 2027, de 11:00 a 13:00, na ESAD de Galicia

No marco do CDGLab proponse organizar un encontro entre alumnado da ESADg e representantes da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), Escena Galega e o Centro Dramático Galego, coa finalidade de achegar ao alumnado ao funcionamento profesional das artes escénicas en Galicia. O encontro estará centrado no coñecemento dos procesos que interveñen no desenvolvemento dunha produción escénica desde a súa xénese e articulación inicial ata a exhibición e distribución.

Trataranse cuestións vinculadas coa creación e posta en marcha de producións e coproducións, os modelos de colaboración entre compañías e institucións profesionais, as vías de financiamento, os mecanismos de circulación e os procesos de exhibición dos espectáculos. Tamén se presentarán aspectos vinculados coa realidade laboral e profesional do sector: modelos de contratación, dereitos e deberes das persoas traballadoras, relacións coas compañías, funcionamento dos equipos artísticos e técnicos, sistemas de selección e particularidades do traballo por proxectos.

A actividade permitirá, deste xeito, conectar os coñecementos adquiridos no ámbito académico coa realidade organizativa, laboral e económica do sector profesional

FORMACIÓN EN MONICREQUES, OBXECTOS E FORMAS ANIMADAS

27, 28 e 29 de xaneiro, de 16:30 a 19:30

Dentro da liña de formación específica e acompañamento profesional de CDGLAb proponse desenvolver, en colaboración con Teatro Ó Cubo, un obradoiro impartido por Roberto Casal Mouriz, centrado na manipulación de bonecos e obxectos, así como nas súas posibilidades como ferramentas de creación escénica.

A formación estará dirixida prioritariamente ao alumnado de interpretación da ESAD de Galicia e partirá do *Carnaval dos animais* de Camille Saint-Saëns para investigar a relación entre corpo, obxecto, movemento e música.

O obradoiro busca ampliar as ferramentas interpretativas do alumnado mediante o estudo dos principios de animación e manipulación, da presenza escénicas, da precisión do movemento e da relación entre intérpretes, obxecto e espectador.

A actividade contará cun máximo de 10 participantes, seleccionados a partir do currículo e dunha breve carta de interese. Non será necesaria experiencia previa na manipulación de bonecos ou obxectos, mais valorarase o interese pola investigación corporal, o movemento e a mestura de diferentes linguaxes escénicas.

ASISTENCIA A ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES VINCULADAS COA PROGRAMACIÓN PROFESIONAL

Dentro do programa CDGLAb, o Centro Dramático Galego organizará durante o curso 2026/207 a asistencia do alumnado da ESADg a espectáculos profesionais no Salón Teatro que resulten especialmente relevantes para a súa formación.

Estas son as propostas que se ofrecen para esta tempada:

19 de novembro de 2026
E se o meu coração parar - Para alumnado de 4º curso
Espectáculo dirixido por Patrícia Moreira, antiga alumna Erasmus portuguesa da ESAD de Galicia, coprodución entre Galicia e Portugal.

3 de decembro de 2026
The Looser - Para alumnado de 3º curso
Proposta do Yugoslav Drama Theatre de Belgrado, a partir de textos de Thomas Bernhard e Pushkin.

25 de febreiro de 2027
Isto tamén é Sargadelos - Para 2º curso
Produción propia do CDG

22 de abril de 2027
Eurídice - Para 1º curso
Produción propia do CDG



XUNTA
DE GALICIA